

**INFORME CLIMATOLÓGICO MES
DE NOVIEMBRE DE 2023**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES.....	5
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	7
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.....	9
5	TEMPERATURA.....	13
5.1.	Temperatura media das máximas.....	13
5.2.	Temperatura media das mínimas.....	14
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	15
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2023.....	18
6	PRECIPITACIÓN	20
6.1.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.....	21
6.2.	Días de chuvia en novembro de 2023.....	22
6.3.	Evolución da precipitación en novembro de 2023	24
7	VENTO.....	25
8	RADIACIÓN SOLAR.....	30
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	30
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.....	30
9	RAIOS.....	31

Anexos:

Resumo mensual

Calendario de novembro de temperatura mínima

Calendario de novembro de temperatura máxima

Calendario de novembro de precipitación acumulada

Calendario de novembro de refacho máximo

Data edición: 14/12/2023



Mes de novembro moi cálido e moi húmido

1 INTRODUCCIÓN

Este informe recolle unha descrición climatolóxica do mes de novembro de 2023. Para ilo, analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo, considerando o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas, gráficos e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

O valor medio das series climatolóxicas dos trinta anos do período 1961-1990 e do período 1981-2010 denomínase **normal climatolóxica** e o seu uso permite establecer comparacións do tipo espacial entre distintas estacións e describir o estado climático de cada período. A utilización destes valores normais climatolóxicos serve, tamén, de referencia para valorar os comportamentos do clima e caracterizalos, ben en termos de frecuencia o en termos de anomalía, entendendo por anomalía a diferenza entre o valor climatolóxico mensual o anual presentado e o normal.

1.1. Temperatura

Para a variable temperatura (T), enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media deste mes de novembro e o valor climático obtido con respecto ao período de referencia 1981-2010. Para obter a anomalía de temperatura, calcúlanse a anomalía media nas once estacións meteorolóxicas que compoñen a serie rexional de Galicia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura, considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
$T < T_{min} 1981-2010$	Extremadamente frío
$T_{min} 1981-2010 \leq T < P20$	Moi frío
$P20 \leq T < P40$	Frío
$P40 \leq T \leq P60$	Normal
$P60 < T \leq P80$	Cálido
$P80 < T \leq T_{max} 1981-2010$	Moi cálido
$T > T_{max} 1981-2010$	Extremadamente cálido

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura



1.2. Precipitación

Para a variable precipitación (*PP*), enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada neste mes de novembro respecto do valor da media climática correspondente. Para obter a anomalía de precipitación, calcúlanse as anomalías medias nas dezaseis estacións meteorolóxicas que compoñen a serie rexional de Galicia.

Para caracterizar o mes en función da precipitación, considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
$PP < PP_{min} 1981-2010$	Extremadamente seco
$PP_{min} 1981-2010 \leq PP < P20$	Moi seco
$P20 \leq PP < P40$	Seco
$P40 \leq PP \leq P60$	Normal
$P60 < PP \leq P80$	Húmido
$P80 < PP \leq P_{max} 1981-2010$	Moi Húmido
$PP > P_{max} 1981-2010$	Extremadamente Húmido

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de novembro de 2023 foi un mes moi húmido e moi cálido en comparación cos valores climatolóxicos. A cantidade de precipitación acumulada estivo moi por riba do agardado, principalmente debido ás chuvias rexistradas na primeira quincena do mes. Pola súa banda, as temperaturas tamén marcaron valores medios máis elevados dos que cabería agardar, xa que as chuvias da primeira quincena producíronse na súa meirande parte con ventos do sur e, posteriormente, chegaron altas presións con masas de aire cálido que mantiñan os termómetros en valores por riba do habitual en novembro.

Así, o primeiro día do mes comezaba con Galicia na influencia da borrasca Ciaran, que deixaba chuvias intensas e un importante temporal de ventos por toda a Comunidade. O día 2 foi de chuvascos, pero, de novo, o día 3, rexistrábanse chuvias xeneralizadas.

A seguinte borrasca con nome propio afectounos o día 4. Foi a borrasca Domingos, que deixaba un novo temporal de vento e chuvia e tamén un estado da mar moi alterado. Esta borrasca arrastraba aire frío procedente do Atlántico, polo que as seguintes dúas xornadas quedaban caracterizadas polos chuvascos, ocasionalmente con sarabia e de neve en cotas por riba dos 1000 metros.

O día 7 foi relativamente tranquilo, pero o día 8, un río atmosférico deixaba importantes cantidades de chuvia nas comarcas atlánticas galegas. Dentro desta sucesión de borrascas, de novo o día 9 foi de transición, con chuvascos irregularmente repartidos, para quedar o 10 outra vez baixo a influencia das baixas presións, con chuvias persistentes na segunda metade do día.

Os días 11 e 12, experimentamos situacións intermedias, para ver novamente o 13 unha borrasca activa, cun río atmosférico que deixaba cantidades superiores aos 100 mm de chuvia en puntos da provincia da Coruña, mentres que en zonas de Ourense e Lugo apenas se rexistraban chuvias.

Nos días, 14, 15 e 16, fronteas activas seguiron afectando a Galicia de xeito intermitente, por momentos con bastante actividade. E foi xa durante a propia xornada do 16 co avance do día cando as altas presións retornaron a Galicia e deixaron un episodio de 10 días de certa estabilidade meteorolóxica, aínda que as chuvias non desapareceron



completamente e de xeito ocasional afectaron a puntos do litoral atlántico e da metade norte.

As baixas presións volvían nas últimas horas do día 25 e deixaban unha derradeira semana con ventos do suroeste, moita humidade, escasa oscilación térmica e chuvia, que se concentraba principalmente na xornada do 29 e nas primeiras horas do día 30.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nos mapas das Figuras 1 e 2, podemos ver as anomalías da altura xeopotencial en 500 hPa e da presión atmosférica a nivel do mar, respectivamente.

No mapa de altura da **Figura 1**, adivíñase unha gran área que se estende desde o Atlántico ata Europa oriental onde a presión de 500 hPa se acadou a unha altitude moito máis baixa do habitual, en especial nos arredores do Mar Báltico, o que se entende como unha zona de aire máis frío do normal. Esta zona está alongada de oeste a leste e representaría unha valgada o unha depresión en altura máis persistente do habitual. Pola contra, no sur da Península, as anomalías son positivas, o que demostra unha maior frecuencia de dorsais anticiclónicas nesa área.

No mapa ao nivel da superficie da **Figura 2**, a anomalía negativa sobre parte do Atlántico e, especialmente, sobre Europa do Leste é, tamén, moi importante e coincide a grandes trazos coa anomalía en altura da Figura 1. Isto explica a frecuente aparición de borrascas que percorrían o Atlántico en dirección ao Continente europeo. Esa anomalía afecta sobre todo ao terzo norte peninsular, o que aclara a reiterada chegada de borrascas e frentes atlánticas e o predominio dos ventos do oeste e suroeste, situacións que deixaron abondosas precipitacións na Comunidade.




Figura 1: Anomalías de xeopotencial en 500hPa en novembro de 2023 respecto ao período 1991-2020




Figura 2: Anomalías de presión en superficie en novembro de 2023 respecto ao período 1991-2020



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de Meteogalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

	NOVEMBRO 2023 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	15.1/14.8	13.2	15.7 (2015)	9.9 (1934)
Tª mínima media	12.7/12.4	10.5	13.2 (2015)	6.3 (1934)
Tª mínima absoluta	7.4/7.5 (día 25)			1.0 (30/11/1932)
Tª mínima máis alta	17.7/18.0 (día 13)		19.2 (01/11/2020)	
Tª máxima media	17.5/17.2	15.9	19.7 (1948)	13.1 (1966)
Tª máxima absoluta	22.4/21.1 (día 18)		25.0 (07/11/2003)	
Tª máxima máis baixa	13.7/13.6 (día 30)			8.4 (29/11/1969)
Precipitación acumulada	200/218	116-149	297 (2003)	2 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	18/20	14	30 (2019)	1 (1981)

Comentario: Mes **moi cálido** tendo en conta todas as temperaturas.

A chuvia rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, resultando un mes **moi húmido**. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, moi superior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos: 1981-2010. Serie Histórica: Precipitación: 1930-2023, Temperatura: 1930-2023

SANTIAGO

	NOVEMBRO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	12.5	11.5	14.5 (1983)	9.8 (2010)
Tª mínima media	9.7	7.8	11.0 (1983)	6.0 (2010)
Tª mínima absoluta	2.7 (día 25)			-2.3 (29/11/2010)
Tª mínima máis alta	16.5 (día 13)		17.0 (07/11/1985)	
Tª máxima media	15.2	15.1	17.9 (1983)	12.8 (2019)
Tª máxima absoluta	18.0 (día 16)		24.7 (07/11/2003)	
Tª máxima máis baixa	11.4 (día 30)			4.0 (26/11/2005)
Precipitación acumulada	326	172-251	475 (2000)	16 (2001)
Días de chuvia (≥1mm)	20	16	29 (2019)	3 (2001)

Comentario: Mes moi cálido para a temperatura mínima e (lixeramente) cálido para a máxima. Tendo en conta a temperatura media, o mes considérase **cálido**.

A precipitación rexistrada foi superior ao rango de valores normais, polo que o mes resulta **húmido**. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, superior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1982-2010. Serie Histórica: Precipitación:1982-2023, Temperatura: 1982-2023



LUGO

	NOVEMBRO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	11.4	9.2	11.8 (2015)	6.3 (1971)
Tª mínima media	7.6	5.2	8.7 (1992)	2.2 (2007)
Tª mínima absoluta	2.2 (día 26)			-6.4 (17/11/2007)
Tª mínima máis alta	15.6 (día 13)		17.0 (07/11/1985)	
Tª máxima media	15.1	13.1	16.4 (2015)	9.5 (1966)
Tª máxima absoluta	21.1 (día 18)		26.0 (02/11/1970)	
Tª máxima máis baixa	9.0 (día 26)			3.0 (06/11/1980)
Precipitación acumulada	192	96-118	305 (2019)	2 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	19	12	29 (2019)	1 (1981)

Comentario: Mes **moi cálido** tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, resultando un mes **moi húmido**. Cun número de días de chuvia moi por riba do valor climático.

* Valores climáticos 1981-2010. Serie Histórica: Precipitación: 1967-2023, Temperatura: 1964-2023

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	NOVEMBRO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	13.8	12.2	14.8 (2006)	9.9 (1966)
Tª mínima media	10.7	7.7	10.6 (2006)	4.5 (1971)
Tª mínima absoluta	3.9 (día 25)			-1.5 (30/11/1963)
Tª mínima máis alta	17.9 (día 13)		18.4 (07/11/1985)	
Tª máxima media	16.8	16.7	19.9 (1981)	14.6 (1976)
Tª máxima absoluta	20.7 (día 19)		26.3 (02/11/1987)	
Tª máxima máis baixa	13.0 (día 30)			7.2 (30/11/2008)
Precipitación acumulada	368	164-269	480 (1997)	1 (2001)
Días de chuvia (≥1mm)	20	14	26 (2019)	0 (2001)

Comentario: Mes extremadamente cálido para a temperatura mínima, cuxa media superou o rexistro máximo anterior do ano 2006, e (lixeramente) cálido para a máxima. Tomando como referencia a temperatura media, o mes resultou **moi cálido**.

A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, resultando un **mes moi húmido**. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, claramente superior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Serie Histórica: Precipitación: 1958-2023, Temperatura: 1958-2023



OURENSE

	NOVEMBRO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	13.2	11.1	13.9 (1983)	9.1 (2001)
Tª mínima media	9.3	6.3	9.5 (1983)	1.6 (2007)
Tª mínima absoluta	3.1 (día 23)			-6.8 (24/11/1988)
Tª mínima máis alta	16.0 (día 11)		17.8 (07/11/1985)	
Tª máxima media	17.1	15.9	18.2 (2006)	13.3 (1980)
Tª máxima absoluta	23.2 (día 16)		26.1 (07/11/2015)	
Tª máxima máis baixa	9.5 (día 26)			3.8 (29/11/1990)
Precipitación acumulada	181	76-113	268 (1997)	0 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	14	11	24 (2019)	0 (1981)

*Comentario: Mes **moi cálido** tendo en conta todas as temperaturas.*

*A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, resultando un mes **moi húmido**, cun número de días de chuvia por riba do valor climático agardado.*

**Valores climáticos 1981-2010. Serie Histórica: Precipitación: 1972-2023, Temperatura: 1972-2023*

5 TEMPERATURA

As temperaturas en media estiveron en valores elevados para un mes de novembro. Isto sucede xa que a meirande parte das situación de chuvia producíanse con ventos do suroeste e o episodio anticiclónico da segunda metade do mes chegaba con aire bastante cálido para a época do ano.

5.1. Temperatura media das máximas

O valor medio da temperatura máxima no mes de novembro para Galicia, a partir dos valores do mapa da **Figura 3**, foi 14.4 °C. Os valores máis altos, de entre 16.8 e 17.4 °C, rexistráronse, principalmente, en puntos da Fosa Padrón-Tui e nos arredores do Golfo Ártabro. Os valores máis baixos, comprendidos entre 9.9 e 11.6 °C, rexistráronse nas zonas máis elevadas da Comunidade, como as Serras do Courel, de Queixa ou de Eixe.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de novembro de 2023

5.2. Temperatura media das mínimas

O valor medio da temperatura mínima no mes de novembro para Galicia, a partir dos valores do mapa da **Figura 4**, foi 8.0 °C. Os valores máis baixos movéronse entre 3.6 e 4.9 °C nas Serras do Courel e dos Ancares e, especialmente, de Queixa i Eixe. Os valores máis altos, comprendidos entre 11.2 e 11.9 °C, déronse ao longo das zonas máis próximas ao litoral.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de novembro de 2023

5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010

No mapa de anomalías de temperatura media, obsérvase que todas as anomalías foron positivas. O valor medio da anomalía de temperatura media no conxunto de Galicia, segundo os valores do mapa da **Figura 5**, foi 1.9 °C. Os valores máis baixos oscilaron entre 0.8 e 1.3 °C nos arredores da Fosa de Padrón e na Serra do Faro de Avión. Os valores máis altos movéronse entre 2.5 e 3.0 °C en diferentes zonas das catro provincias pero, en especial, no interior da comarca da Coruña, no sur de Ourense e no Canón do Sil.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de novembro de 2023 respecto ó período 1981-2010



Nas **Táboas 1 e 2**, móstrase unha lista dos concellos coas anomalías da temperatura media máis altas e máis baixas, respectivamente, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas déronse, especialmente, en puntos do interior da comarca da Coruña e en zonas próximas o val do río Támega, mentres que as máis baixas atopámolos, principalmente, na Fosa de Padrón e nos arredores da Ría de Arousa.

Táboa 1: Anomalías **máis altas** de temperatura media en novembro de 2023 con respecto ao período 1981-2010

Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Cambre	A Coruña	3.0
Carral	A Coruña	2.8
Oímbra	Ourense	2.8
Triacastela	Lugo	2.8
Monterrei	Ourense	2.8
Verín	Ourense	2.8
Barco de Valdeorras (O)	Ourense	2.7
Baltar	Ourense	2.7
Trasmiras	Ourense	2.7
Cualedro	Ourense	2.7

Táboa 1: Anomalías de temperatura media máis elevadas no mes de novembro de 2023

Táboa 2: Anomalías **máis baixas** de temperatura media en novembro de 2023 con respecto ao período 1981-2010

Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Padrón	A Coruña	0.6
Pontecesures	Pontevedra	0.9
Pobra do Caramiñal	A Coruña	1.0
Ribeira	A Coruña	1.1
Rois	A Coruña	1.1
Porto do Son	A Coruña	1.1
Monfero	A Coruña	1.2
Dodro	A Coruña	1.2
Teo	A Coruña	1.2
Fisterra	A Coruña	1.2

Táboa 2: Anomalías de temperatura media máis baixas no mes de novembro de 2023



Nas **Táboas 3 e 4**, móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de novembro de 2023 para estacións situadas por baixo e por riba dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As xornadas máis calorosas concentráronse arredor de mediados do mes.

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de novembro de 2023 por baixo dos 1000 m de altitude

Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
16/11/2023	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	25.1
16/11/2023	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	23.8
16/11/2023	Ourense	OURENSE	Ourense	23.2
19/11/2023	Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	23.2
13/11/2023	Pedro Murias	RIBADEO	Lugo	23.0
16/11/2023	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	22.7
12/11/2023	Ourense	OURENSE	Ourense	22.7
16/11/2023	San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	22.6
16/11/2023	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	22.5
16/11/2023	Meder	SALVATERRA DE MIÑO	Pontevedra	22.4

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas en novembro 2023, altitude menor de 1000 m.

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de novembro de 2023 por riba dos 1000 m de altitude

Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
18/11/2023	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	19.1
18/11/2023	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	18.7
24/11/2023	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	18.3
18/11/2023	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	18.1
17/11/2023	Xurés	MUIÑOS	Ourense	18.0
24/11/2023	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	18.0
18/11/2023	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	17.6
18/11/2023	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	17.5
18/11/2023	Ancares	CERVANTES	Lugo	17.0
18/11/2023	Xares	VEIGA (A)	Ourense	15.9

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas en novembro de 2023, altitude maior a 1000 m..



Nas **Táboas 5 e 6** móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en Galicia no mes de novembro de 2023 para estacións situadas por riba e por baixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Os días máis fríos coincidiron co período anticiclónico vivido antes de final de mes.

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de novembro de 2023 <u>por riba</u> dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
30/11/2023	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-3.9
30/11/2023	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-3.8
30/11/2023	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-2.6
22/11/2023	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-1.5
30/11/2023	Ancares	CERVANTES	Lugo	-1.3
30/11/2023	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-1.0
30/11/2023	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-0.7
23/11/2023	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-0.4
02/11/2023	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-0.2
06/11/2023	Ancares	CERVANTES	Lugo	-0.1

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en novembro de 2023, altitude maior a 1000m.

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de novembro de 2023 <u>por baixo</u> dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
24/11/2023	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-3.9
24/11/2023	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-2.7
24/11/2023	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-2.6
25/11/2023	Baltar	BALTAR	Ourense	-1.1
24/11/2023	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	-1.1
24/11/2023	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	-0.7
25/11/2023	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-0.5
26/11/2023	Bóveda	BÓVEDA	Lugo	-0.4
24/11/2023	Ordes	ORDES	A Coruña	-0.3
24/11/2023	Larouco	LAROUCO	Ourense	-0.3

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en novembro de 2023, altitude menor a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2023

Na **Figura 6**, pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor en 2023 para esta serie foi 12.6 °C.




Figura 6: Temperatura media en novembro ao longo do período 1961-2023

A anomalía media da temperatura para este mes de novembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +1.8 °C (Figura 7), o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como **moi cálido**. Novembro de 2023 ocupa a quinta praza na serie histórica completa, co precedente máis cálido no ano 2015. Para a temperatura máxima, cunha anomalía positiva de 0.8 °C, o mes considérase cálido, mentres que para a mínima, cunha desviación de +2.7 °C con respecto á media, moi cálido.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en novembro, respecto ao período 1981-2010

6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións acumularon cantidades, en moitos puntos, moi por riba da media climática de novembro. As cantidades máis apreciábeis rexistráronse na primeira quincena coa chegada de borrascas activas, algunhas delas con ríos atmosféricos que nalgúns casos acumularon cantidades superiores aos 100 mm en 24 horas.

Segundo os valores do mapa da **Figura 8**, a precipitación media acumulada foi 336 L/m². Os acumulados máis altos déronse ao longo das Serras Litorais, con valores entre os 580 e os 800 L/m². A menor cantidade de precipitación, comprendida entre 150 e 180 L/m², rexistrouse en puntos do litoral da Mariña Luguesa e nos vales dos ríos Támega e Casaio.




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de novembro de 2023

6.1. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal

No mapa da **Figura 9**, pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de novembro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100 % o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego, segundo os valores do mapa, foi un 84 % superior ao período de referencia 1981-2010. A distribución das porcentaxes de precipitación presenta zonas moi húmidas no interior da provincia de Pontevedra e en zonas entre a Ría de Ferrol e o oeste da Terra Chá, pero, especialmente, nalgúns puntos do val do Sil, na Baixa Limia e na comarca dos Ancares, onde se acadaron as porcentaxes de precipitación máis altas con valores por riba do 200 % por riba do normal. Os valores máis baixos acadáronse en zonas próximas á Serra do Burgo e ao sur da Serra de San Mermade, onde caeu entre un 20 e un 40 % máis de precipitación do agardado.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de novembro de 2023

6.2. Días de chuvia en novembro de 2023

A **Figura 10** representa o número de días de chuvia maior ou igual a 1 L/m^2 . Segundo os valores do mapa, o número medio de días de chuvia foi 19. Mentres que ao longo das Serras Setentrionais tiveron o maior número de días de chuvia, 23, a comarca de Monterrei viu 14 xornadas con precipitacións.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m^2 durante o mes de novembro de 2023



A **Táboa 7** mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de novembro de 2023. Os acumulados máis altos superaron os 700 L/m² nalgunhas zonas das Serras Litorais ben expostas aos ventos do oeste e suroeste.

Táboa 7: Precipitación mensual máxima acumulada (L/m ²) en novembro de 2023			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	781
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	769
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	685
A Capela	CAPELA (A)	A Coruña	660
Castrove	POIO	Pontevedra	659
Labrada	ABADÍN	Lugo	606
Monte Aloia	TUI	Pontevedra	583
Cespón	BOIRO	A Coruña	573
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	572
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	567

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de novembro de 2023

A **Táboa 8** contén unha lista das estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia que rexistraron a máxima precipitación nun intervalo de 24 horas. As xornadas máis chuviosas foron as do 3 e, especialmente, o 13 de novembro, con acumulados de máis de 100 L/m².

Táboa 8: Precipitación máxima en 24 horas (L/m ²) en novembro de 2023				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	161	13/11/2023 03:10
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	132	13/11/2023 00:20
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	122	13/11/2023 01:10
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	122	03/11/2023 17:40
Entrimo	ENTRIMO	Ourense	114	03/11/2023 19:00
Aldea Nova	NARÓN	A Coruña	111	13/11/2023 06:00
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	110	03/11/2023 17:40
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	105	13/11/2023 03:00
A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	100	13/11/2023 09:40
Areas	TUI	Pontevedra	100	03/11/2023 20:10

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de novembro de 2023.

6.3. Evolución da precipitación en novembro de 2023

Na **Figura 11**, pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2023 foi 313 L/m².




Figura 11: Precipitación en novembro ao longo do período 1961-2023

A anomalía media das precipitacións para este mes de novembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi un 82 % superior ao valor climático normal (**Figura 12**). Isto fai que o mes poida considerarse **moi húmido**, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis húmido foi 2019.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en novembro, respecto ó período 1981-2010



7 VENTO

Na **Táboa 9**, móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Nela, obsérvase que en numerosas estacións se rexistraron ventos superiores ao limiar especificado. Ademais, nestas estacións superouse este limiar en varias xornadas do mes.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en novembro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
01/11/2023	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	184
04/11/2023	O Xistral	MURAS	Lugo	183
04/11/2023	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	164
02/11/2023	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	160
01/11/2023	Castro Vicaludo	OIA	Pontevedra	138
04/11/2023	Ancares	CERVANTES	Lugo	138
02/11/2023	Xurés	MUIÑOS	Ourense	133
01/11/2023	San Nomedio	NEVES (AS)	Pontevedra	132
04/11/2023	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	132
04/11/2023	Malpica	MALPICA DE BERGANTIÑOS	A Coruña	128
01/11/2023	Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	125
04/11/2023	Fontaneira	BALEIRA	Lugo	124
04/11/2023	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	122
04/11/2023	Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	119
04/11/2023	Serra Vacaloura	PORTOMARÍN	Lugo	118
04/11/2023	Aldea Nova	NARÓN	A Coruña	118
01/11/2023	Burela	BURELA	Lugo	118
02/11/2023	A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	117
04/11/2023	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	115
04/11/2023	Marco da Curra	MONFERO	A Coruña	114
04/11/2023	Porto de Vigo	VIGO	Pontevedra	114
